


- 
- A min nunca me poideron anular como galego, xa que non poideron matarme o espírito, ateigado sempre de quentura labrega.

-Díaz Castro era moi culto e coñecía toda a poesía clásica grega. Pertence a esa escola poética do seminario mindoniense da que forman parte Noriega Varela, Crecente Vega, Varela Jácome, Aquilino Iglesia Alvariño, Trapero Pardo e incluso Cunqueiro.

- A súa é unha poesía costumista e paisaxista, pero profundamente relixiosa. Foi o cantor das cousas pequenas, da beleza e da luz, sobre todo da luz. A súa obsesión era buscar a perfección.

“Considero a poesía, a visión e a expresión poética do mundo como unha das máis outas e fermosas tarefas da creación humana.”-Decía.



O sol na corda está enterrado,  
morto e enterrado hasta a metá.  
Nadan na lus samente un budio  
e o ladro perdido dun can.  
A sombra de todas as cousas  
vai resultando que é verdá.

